

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 10 de outubro de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dez de outubro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1099).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións extraordinarias e urxentes do 24 e do 26 de setembro e ordinaria do 26 de setembro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1100).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA ADXUDICAR A TOTALIDADE DA LISTA DE AGARDA DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR, CURSO 2014-2015. EXPTE. 93407/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.10.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de actividades económicas, do

1.10.14, conformado pola xefa do Servizo, o xefe da Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada de Política de Benestar, que di o seguinte:

*PRIMEIRO.-Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 25 de abril de 2014 convocáronse subvencións para as familias das/os alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil 2ª etapa, educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2014-2015.*

*SEGUNDO.-A Xunta de Goberno Local de 19 de setembro de 2014 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:*

*"1.1.- Aprobar a concesión de 1.000 alumnos/as das axudas de libros e material escolar... As subvencións pagaránse con cargo á partida 2310.4810000 "becas libros e comedor", documento contable A-núm 2014.000.26283 (80.000€)"*

*1.3 Aprobar a lista de espera das/os 405 alumnos/as das axudas de libros e material escolar..."*

*2.1.-Aprobar a concesión de 2387 alumnas/os para as axudas municipais de comedor ...As subvencións pararánse con cargo a partida 2310.4810000 "becas, libros e comedor", documento contable exercicio 2014 A-núm 201400026284 (303.000€) e exercicio 2015 AFUT 20147.00026286 (617.000€).*

*2.3.- Aprobar a lista de espera das/os 416 alumnos das axudas de comedor..."*

*TERCEIRO.- A contía a pagar, como máximo, por alumna/o, será de 80€ para as axudas de libros e material escolar e de 41€ por alumno/na para as axudas de comedor.*

*CUARTO.-A fin de rematar o proceso de abono de axudas municipais escolares para o curso 2014-2015, adxudicando a totalidade da lista de agarda, é necesario aprobar un gasto total de 175.670,40€ €, con cargo á partida 2310.4810000 "becas libros e comedor" e de acordo coa seguinte distribución:*

*Para o exercicio 2014.*

- 32.400€ para adxudicar as alumnas/nos da lista de agarda de libros e material escolar.*
- 46.051,20€ para adxudicar as alumnas/nos da lista de agarda das axudas para comedor, parte 2014.*

*Para o exercicio 2015*

- 97.219,20€ para adxudiar as alumnas/nos da lista de agarda das axudas para comedor, parte 2015*

*Polo anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*1.-"Autorizar un gasto total de 175.670,40€ €, con cargo á partida 2310.4810000 "becas libros e comedor", a fin de adxudicar a totalidade da lista de agarda de libros e material escolar e axudas de comedor, curso 2014-2015, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria do 19 de setembro de 2014, de acordo coa seguinte distribución:*

*Para o exercicio 2014.*

- 32.400€ para adxudicar as alumnas/nos da lista de agarda de libros e material escolar.*
- 46.051,20€ para adxudicar as alumnas/nos da lista de agarda das axudas para comedor, parte 2014.*

Para o exercicio 2015

- 97.219,20€ para adxudiar as alumnas/nos da lista de agarda das axudas para comedor, parte 2015"

2.-As subvencións pagaranse con cargo á partida 2310.4810000 "becas libros e comedor" mediante libramentos a xustificar que se ingresarán na conta habilitada 2080 5000 67 3110242616 do departamento de Política de Benestar.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime oportuno.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1101).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 71048/250.**

Dáse da proposta asinada polo secretario da Mesa de Contratación, de data 6.10.14, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 06 de outubro de 2014, entre outros , acordou:

#### *5.- Proposta de clasificación.*

**a)** *Procedemento aberto para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do concello de Vigo (expediente 71048-250).*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 30-07-2014, 14-08-2014, 21-08-2014, 02-09-2014, 05-09-2014, 09-09-2014, 19-09-2014 30-09-2014, 03-10-2014 e 06-10-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento e o Enxeñeiro xefe do servizo de Vías e Obras de data 11-08-2014, 08-09-2014, do xefe da área de Fomento de datas 14-08-2014 e 27-08-2014 e do o Enxeñeiro xefe do servizo de Vías e Obras de data 01-10-2014 e 03-10-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*"Primeiro.- Rexeitar a oferta presentada por Elsamex S.A., por considera-la con valores anormais ou desproporcionados a vista do informe do Enxeñeiro xefe do servizo de Vías e Obras de data 01-10-2014 .*

*Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do concello de Vigo (expediente 71048-250), no seguinte orde decrecente:*

<b>EM PRESA</b>	<b>CRITERIOS JUICIO DE VALOR</b>	<b>CRITERIOS FORMULA</b>	<b>PUNTUACION GLOBAL OFERTA</b>
<b>CIVISGLOBAL</b>	18,60	77,20	<b>95,80</b>
<b>UTE COVSA - ORECO</b>	9,15	68,02	<b>77,17</b>
<b>UTE MISTURAS - LOSADA BUS</b>	7,80	70,68	<b>78,48</b>
<b>UTE EXTRACO - GAVILANES</b>	7,80	61,45	<b>69,25</b>

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de todo risco construción de acordo co apartado 14 a) das FEC.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais ós cales se comprometeu na súa oferta.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 686,64 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**4(1102).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO APROVEITAMENTO PRIVATIVO DO INMOBLE SITO NA AVDA. DE SAMIL, ANTIGO RESTAURANTE JONATHAN. EXPTE. 19672/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 3.10.14, dáse conta do informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 24.09.14, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación celebrada o 12 de setembro de 2014 adoptou o seguinte acordo:*

*4.- Proposta de adxudicación*

a) *Procedemento aberto para a contratación da concesión administrativa do aproveitamento privativo do inmovible sito na avenida de Samil, antigo restaurante Jonathan (expediente 19672-240)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a concesión administrativa do aproveitamento privativo do inmovible sito na avenida de Samil, antigo restaurante Jonathan .*

ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 2 de setembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:*

*2.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZOS PARA A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO APROVEITAMENTO PRIVATIVO DO INMOBLE SITO NA AVDA. DE SAMIL (ANTIGO JONATHAN). EXPTE. 19672/240.*

*Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 2.09.14, a Xunta de Goberno local acorda:*

*PRIMEIRO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no aberto para a contratación dos servizos para a concesión administrativa do aproveitamento privativo do inmovible sito na avenida de Samil, antigo restaurante Jonathan (expediente 19672-240), no seguinte orde decrecente:*

1. *UROGALLO CAPITAL, S.L. 94,23 puntos*
2. *VIGO EVENTOS, S.L. 88,25 puntos.*
3. *U.T.E. JOSE LUIS GARCIA VELO-DERRUMB, S.L., 76,97 puntos.*

4. U.T.E. PROMOCIONES 2004 VIVIENDA 10, S.L., HOSTELERIA SAMIL PLAYA, S.L., CONSULTING SERVICIOS BAYONA,S.L. e RALOTRANS, S.L., 56,26 puntos
5. VIGO PLAYA, S.L. 52,85 puntos.

*SEGUNDO.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UROGALLO CAPITAL, S.L. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil e accidentes.*
- *Póliza de seguro contra todo risco do edificio.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula dezaoito do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*TERCEIRO.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 598,50 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación.*

*Segundo.- O licitador clasificado en primeiro lugar presenta a documentación requirida en data 3 de setembro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación se observa que esta é correcta, a excepción da garantía definitiva que se constitúe por importe inferior.*

*Terceiro.- A mesa de contratación, na súa sesión de data 9 de setembro, acorda requirirle ó licitador que complete a garantía definitiva.*

*Cuarto.- UROGALLO CAPITAL, S.L., en data 10 de setembro, dentro do prazo de presentación da documentación, completa a garantía definitiva.*

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adjudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*Á vista dos informes do técnico de educación, de datas 18 e 22 de xullo de 2014, valorando os criterios de adjudicación non avaliábles mediante fórmula e avaliábles mediante fórmula respectivamente, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é*

a formulada por UROGALLO CAPITAL, S.L., á que se lle outorgan 94,23 puntos. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“1º.- Adxudicar a UROGALLO CAPITAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación da concesión administrativa do aproveitamento privativo do inmovible sito na avenida de Samil, antigo restaurante Jonathan (expediente 19672-240). O canon anual a pagar será de 40.000 euros, o prazo de concesional é de 25 anos e o compromiso de inversión mínima a realizar a prezos valordos polos servizos municipais é de 1.046.652,39 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- Devolver as seguintes garantías provisionais constituídas polos licitadores para participar na licitación:

1. UROGALLO CAPITAL, S.L. Garantía provisional por importe de 17.246,26 euros constituída mediante mandamento de ingreso numero 201400049636.
2. VIGO EVENTOS, S.L. 88,25 puntos. Garantía provisional por importe de 17.246,26 euros constituída mediante mandamento de ingreso numero 201400051629.
3. U.T.E. JOSE LUIS GARCIA VELO-DERRUMB, S.L., Garantía provisional por importe de 17.246,26 euros constituída mediante mandamento de ingreso numero 201400051619.
4. U.T.E. PROMOCIONES 2004 VIVIENDA 10, S.L., HOSTELERIA SAMIL PLAYA, S.L., CONSULTING SERVICIOS BAYONA, S.L. e RALOTRANS, S.L., Garantía provisional por importe de 17.246,26 euros constituída mediante mandamento de ingreso numero 201400049874.
5. VIGO PLAYA, S.L. Garantía provisional por importe de 17.246,26 euros constituída mediante mandamento de ingreso numero 201400034507.

3º.- Devolver a garantía definitiva constituída o día 03/09/2014 por UROGALLO CAPITAL, S.L. por importe de 44.334,28 euros e número de operación 201400062478 xa que esta garantía foi substituída por outra de 50.300,20 euros o día 10/09/2014 co número de operación 201400063379.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:55 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

## **5(1103).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

### **A) GOC S.A. EXPTE. 4942/241.**

Visto o informe de fiscalización do 2.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 3.10.14, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por G.O.C., S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 920,67 euros constituída para responder da asistencia técnica á dirección facultativa das obras de instalación de rede separativa de pluviais, etc. nas rúas Bolibia e Padre Don Rúa, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a G.O.C., S.A. a fianza de 920,67 euros constituída para responder da asistencia técnica á dirección facultativa das obras de instalación de rede separativa de pluviais, etc. nas rúas Bolibia e Padre Don Rúa, xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **B) SIMCE CONSULTORES S.L. EXPTE. 4940/241.**

Visto o informe de fiscalización do 2.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 3.10.14, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por SIMCE CONSULTORES, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 2.512,66 euros constituída para responder da execución de programa de incentivo á prescrición e venda directa da oferta de servizos no destino turístico de Vigo “Vigo Hospitality”, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a SIMCE CONSULTORES, S.L. a fianza de 2.512,66 euros constituída para responder da execución de programa de incentivo á prescrición e venda directa da oferta de servizos no destino turístico de Vigo “Vigo Hospitality”, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **6(1104).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE TÉCNICA ELECTROACÚSTICA CONSULTORÍA ESCÉNICA Y SERVICIOS AUDIOVISUALES. EXPTE. 5658/335.**

Visto o informe de fiscalización do 2.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 19.09.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e o concelleiro delegado da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:



En data 27 de decembro de 2010, por parte da empresa TÉCNICA ELECTROACÚSTICA CONSULTORÍA ESCÉNICA Y SERVICIOS AUDIOVISUALES SLU, constituíse unha fianza por importe de 12.273,47 euros para o contrato de obras de instalacións audiovisuais do Auditorio municipal da Casa do Concello (expediente 3774/335).

Unha vez realizados todos os traballos correspondentes ao devandito contrato e rematado o prazo de garantía de 36 meses, a empresa adxudicataria, TÉCNICA ELECTROACÚSTICA CONSULTORÍA ESCÉNICA Y SERVICIOS AUDIOVISUALES SLU (B-33533944., en data 10 de xuño de 2014, solicita a devolución da fianza constituída a tal efecto.

En data 19 de agosto de 2014, o arquitecto municipal considera que se pode proceder á devolución da garantía constituída tras a recepción da obra, o cumprimento do prazo de garanta e o normal estado de funcionamento do recinto.

Polo exposto, previo informe da Intervención de fondos e coa conformidade do xefe de Xestión e Promoción cultural e do concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, proponse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

“Que polo Servizo de Intervención municipal se proceda á devolución da fianza constituída en data 27 de decembro de 2010 por TÉCNICA ELECTROACÚSTICA CONSULTORIA ESCÉNICA Y SERVICIOS AUDIOVISUALES con CIF B-33.533.944, polo importe de 12.273,47 euros, para as obras de de instalacións audiovisuais do Auditorio municipal.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(1105).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR REALIZADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA NOS MESES DE XUÑO A SETEMBRO DE 2014. EXPTE. 14761/331.**

Dáse conta do informe do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 2.10.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro de Industria, Turismo, Cultura e Festas, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento, e do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2008, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gastos menor tramitados polo servizo de Cultura e Bibliotecas nos meses de xuño-setembro de 2014, e que son os que deseguido se relacionan:

Nº EXP.	CONCEPTO	PERCEPTOR	CIF/NIF	IMPORTE
14694/331	Contratación dunha función do espectáculo “Gúlliver en el país de Lili-put” do Centro de Títelles de Lleida, o domingo 14 de decembro, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro do programa estatal PLATEA	CENTRE DE TITELLES DE LLEIDA PRODUCCIONS S.L.	B25603101	1.800,00 €

Nº EXP.	CONCEPTO	PERCEPTOR	CIF/NIF	IMPORTE
14695/331	Contratación dunha función do espectáculo "Querida hija" da compañía Marie de Jongh, o domingo 23 de novembro, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro do programa estatal PLATEA	T(ARTE)AN ZERBITZUAK S.L.	B95098968	3.968,80 €
14715/331	Factura traballos reparación Neira Vilas	JOSÉ M. MUÍÑOS RODRÍGUEZ (OSIGAL)	36130547P	1744,81 €
14716/331	Factura traballos reparación Neira Vilas	JOSÉ M. MUÍÑOS RODRÍGUEZ (OSIGAL)	36130547P	726,60 €
14717/331	Factura traballos reparacións bibliotecas	JOSÉ M. MUÍÑOS RODRÍGUEZ (OSIGAL)	36130547P	812,64 €
14718/331	Factura traslado materiais Neira Vilas	JOSÉ M. MUÍÑOS RODRÍGUEZ (OSIGAL)	36130547P	72,60 €
14719/331	Factura traballos reparacións bibliotecas	JOSÉ M. MUÍÑOS RODRÍGUEZ (OSIGAL)	36130547P	1.257,84 €
14720/331	Factura subministracións materiais Neira Vilas e Juan Compañel	JOSÉ M. MUÍÑOS RODRÍGUEZ (OSIGAL)	36130547P	960,16 €
14721/331	Factura subministración augas Casa Galega da Cultura	JOSÉ M. MUÍÑOS RODRÍGUEZ (OSIGAL)	36130547P	82,28 €
14733/331	Contratación dunha función do espectáculo de danza "Odeim" da compañía CienfuegosDanza, o venres 3 de outubro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro do programa estatal PLATEA	JESÚS MASCARÓS MANSILLA	52728535T	4.791,60 €
14734/331	Contratación dunha función do espectáculo "Mucho ruido y pocas nueces" da compañía Les Grotesques, o venres 24 de outubro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro do Circuito estatal PLATEA	GESTORA DE NUEVOS PROYECTOS CULTURALES S.L.	B91624064	3.872,00 €

Nº EXP.	CONCEPTO	PERCEPTOR	CIF/NIF	IMPORTE
14735/331	Contratación da realización dun concerto do espectáculo "ConSentimento" do grupo Leilía, o venres 17 de outubro de 2014, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios	MONTSERRAT RIVERA CRESPO	33279482T	4.041,45 €
14736/331	Contratación de dúas funcións do espectáculo "Na Casa" de Caramuxo Teatro, o domingo día 9 de novembro ás 12 e 18 horas respectivamente, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios	CARAMUXO TEATRO S.C.	J70100490	2.300,00 €
14737/331	Contratación dunha función do espectáculo "Eurozone" da compañía Chévere, o venres 28 de novembro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios	CHÉVERE PRODUCCIÓN S.L.	B15636517	5.082,00 €
14738/331	Contratación da edición, produción e impresión de material gráfico para a programación Vigocultura no Auditorio Municipal no segundo semestre do 2014	ECOVIGO PUBLICIDAD S.L	B36614808	2.916,04 €
14742/331	Dereitos de autor da programación Vigocultura que se desenvolverá no Auditorio Municipal do Concello entre os meses de outubro e decembro de 2014	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	G28029643	2.114,00 €
14747/331	Factura Subministración e montaxe de bomba de condensación ar condicionado Ofi. Museos	ALTAIR	A15208408	172,43 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

**8(1106).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO SERTRI DE VIGO 2014, O VINDEIRO 12 DE OUTUBRO. EXPTE. 13400/333.**

Visto o informe xurídico do 8.10.14, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD,do 6.10.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

*Según consta neste expediente a Federación Española de Triatlón, ten previsto organizar o vindeiro domingo 12 de outubro de 2014 no entorno da Praia de Samil o evento deportivo denominado SERTRI DE VIGO 2014, examinadas as actuacións do expediente, cos informes de Medio Ambiente, Seguridade, Policía Local, Protección Civil, Voluntariado e Servizo de Costas de Pontevedra.*

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo PROPOSTA DE ACORDO:

*Autorizar á Federación Española de Triatlón, a organizar o vindeiro domingo 12 de outubro de 2014, o evento denominado SERTRI DE VIGO 2014, o evento comenizará ás 9.00h coa proba de natación, seguido de ciclismo e rematará ás 14.00h coa proba de carreira a pe.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **9(1107).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O XIX EDICIÓN DO CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO SAN MIGUEL NO PARQUE DE CASTRELOS, O VINDEIRO DOMINGO 12 DE OUTUBRO. EXPTE. 13025/333.**

Visto o informe xurídico do 8.10.14, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD,do 6.10.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### *INFORME:*

*Segundo consta neste expediente a Agrupación Deportiva Castro San Miguel ten previsto organizar o vindeiro 12 de outubro de 2014 a XIX EDICION DO CROSS ESCOLAR CASTRO SAN MIGUEL, no Parque de Castrelos, dende ás 9.00ho ata as 14.00h, dito evento xa se notificou aos departamentos da Policía Local, Protección Civil, Montes,Parques e Xardíns, Cultura, festas e Museos.*

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo PROPOSTA DE ACORDO:

*Autorizar á entidade Agrupación Deportivas Castro San Miguel, a organizar o vindeiro domingo 12 de outubro de 2014, o evento denominado XIX EDICIÓN DO CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO SAN MIGUEL, dito cross se levará a cabo no Parque de Castrelos, dende ás 9.00h ata as 14.00horas.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10(1108).- PROPOSTA PARA INCORPORACIÓN AO PARQUE MÓBIL DE CERTOS VEHÍCULOS AMORTIZADOS DA CONCESIONARIA UTE VIGO RECICLA, E DETERMINACIÓN DO NOVO TERMO DA COTA DE AMORTIZACIÓN MAIS FINANCIAMENTO. EXPTE. 2767/252.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Limpeza, do 2.10.14, conformado polo concelleiro-delegado de Limpeza e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

1. O Pleno do Concello de Vigo en sesión do 1 de agosto do 2003 acordou adxudicar á empresa VIGO RECICLA U.T.E o concurso para a concesión administrativa do servizo de contene-rización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reci-clables da cidade de Vigo.
2. En data 29 de setembro do 2003 asinouse o contrato entre as partes, iniciándose a presta-ción do servizo de xeito efectivo o día 1 de outubro do 2003, con data de finalización prevista o día 31 de marzo do ano 2017.
3. Dado que no capítulo VI “material e maquinaria”, sección 1ª “xeneralidades”, do texto refun-dido do Prego de Condicións Técnicas que rexeron o contrato, estableceuse que a renova-ción dos medios materiais e maquinaria sería cada oito anos, a incorporación dos novos me-dios materiais deberíase ter producido o día 1 de outubro do ano 2011, pero isto non aconte-ceu por mor do retraso na tramitación do expediente administrativo tal como se xustifica nos informes obrantes no propio expediente.
4. A partir da data de renovación (1/10/2011), os vehículos quedaron totalmente amortizados pero a empresa continuou percibindo o importe mensual do concepto amortización máis fi-nanciamento da inversión a oito anos que supón 40.170,84 euros mensuais.
5. Pola súa banda, o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexen o contrato, na cláusula VII “revisión de prezos”, apartado a) “revisión ordinaria” establece unha nova cuota de amortización máis financiamento a repercutir no prezo do contrato, debida á renovación dos medios materiais e maquinaria, determinada conforme ás condicións do mercado no momento en que esta se produza. A transcripción literal queda como segue:

“...o referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de re-visión automática a través da fórmula polonómica; non entanto sí se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que poida supoñer para o concesionario a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia EURIBOR que sexa de aplicación o día da data de revisión, aumentando ou diminuindo a referida cota constante segundo o cadro de amortiza-ción que para o efecto se elabore...”

e o mesmo apartado no tocante ao alleamento dos medios amortizados indica:

“...no cálculo da anualidade de amortización para a renovación dos medios técnicos, terase sempre en conta o valor residual obtido pola concesionaria no alleamento dos equipos, que será descontado do novo prezo de adquisición...”

6. En data 27 de abril do 2012, a Xunta de Goberno Local acordou renovar os medios materiais e maquinaria da concesionaria VIGO RECICLA U.T.E., cos seguintes condicionantes:
  - Valor total da inversión a realizar: 2.823.217,50 € (IVE excluído)
  - Capital a recuperar: inversión a realizar deducidas as cantidades aboadas na fac-turación a partir do 1 de outubro do 2011 ata o mes da efecti-va incorporación dos medios materiais.
  - Tipo de interés: tipo de interés de referencia será o EURIBOR a un ano na data da efectiva incorporación dos medios materiais máis un diferencial de 0,5 puntos aprobado no contrato.

- *Prazo de amortización* o que medie entre a data de recepción da totalidade dos equipos e a de remate do contrato de concesión (31/03/2017).
7. *En data 26 de febreiro do 2013 o Sr. Xefe do Parque Móbil municipal informou que de todos os vehículos a renovar pola concesionaria, os relacionados a seguir resultan sumamente útiles para o Concello, substituindo unidades de similares características con moita antigüidade, e polo tanto deben ser incorporados ao Parque Mobil municipal cando deixen de prestar servizo no contrato da reciclaxe. O valor residual dos vehículos referidos ascende a 2.218 € sen iva.*

Os vehículos indicados no informe son:

<u>Matrícula</u>	<u>Modelo</u>
1. 9733-CSD	Camión Nissan Cabstar
2. 4217-CRH	Furgón de carga Citroen Jumper 2.8 HDI
3. 9750-CSD	Furgón de carga Citroen Jumper 2.8 HDI
4. 4379-CRH	Furgón combi Citroen Berlingo HDI
5. 4411-CRH	Furgón combi Citroen Berlingo HDI
6. 5420-CVS	Furgón combi Citroen Berlingo HDI

*Os gastos de xestión da transferencia dos vehículos a nome do Concello serán por conta do Concesionario, e xunto cos vehículos este deberá aportar o permiso de circulación, a ficha técnica, as postas en conformidade que teñan sido realizadas con referencia ao Decreto 1215/97 de 18 de xullo polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo, BOE nº 188 do 07/08/1997; o libro de instrucións dos vehículos xunto cos equipamentos que lles foran incorporados, os croquis de despiece, as listas de repostos, manuais de mantemento e en xeral todos aqueles documentos que sexan necesarios para o bo funcionamento dos vehículos.*

8. *En data 23 de abril do 2013, a empresa concesionaria do servizo, dando cumprimento ao capítulo VII do Prego de Prescripcions Adminsitrativas particulares que rexen o contrato, transcrito literalmente no punto 4º destes antecedentes, informou que unha vez realizadas as xestións oportunas para o alleamento do material amortizado obtén un valor de 27.218€ sen iva.*
9. *En data 23 de abril do 2013, asinouse o Acta de Recepción e posta a disposición do Concello de Vigo dos equipos e medios materiais adquiridos pola concesionaria por renovación da flota, conforme ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de abril do 2012.*

## PARTE EXPOSITIVA

*Visto o anterior, procede neste momento determinar a nova cuota de amortización máis financiamento que corresponde incluír na facturación mensual que se xire a esta Administración, segundo o valor do termo constante da renda inmediata postpagable necesaria para amortizar a inversión, descontados os conceptos que procedan.*

*A recuperación realizarase mediante desembolsos mensuais de cuota fixa calculados mediante o sistema francés. A fórmula matemática para o cálculo da cuota é:*

$$C = C_0 \cdot \frac{i \cdot (1+i)^n}{(1+i)^n - 1}$$

Sendo:

*C= cuota constante de amortización máis financiamento*

*C<sub>0</sub>= capital a recuperar*

$n$  = prazo de amortización en meses

$i$  = tipo de interés anual efectivo, para un mes (en tanto por un).

A).  $C_0$ . Capital a recuperar.

O capital a recuperar no mes de decembro do ano 2013 determinarase restando ao importe da inversión inicial (2.823.217,50 € sen IVE), as cantidades aboadas na facturación a partir do 1 de outubro do 2011 ata o mes de novembro do 2013 ( $40.170,84€ \times 26$  mensualidades = 1.044.441,84€), e restando tamén o valor obtido pola concesionaria na enaxenación dos medios que non se incorporan ao Parque Móbil municipal (27.218 - 2.218 = 25.000€).

$$C_0 = 2.823.217,50 - 1.044.441,84 - 25.000 = 1.753.775,66€$$

B).  $n$ . Prazo de amortización

O prazo de amortización en meses será o que medie entre decembro do 2013 e marzo do ano 2017, ambos incluídos ( $1_{\text{mes 2013}} + 12 \times 3_{\text{meses de 3 anos}} + 3_{\text{meses 2017}} = 40$  mensualidades).

$$n = 40 \text{ meses}$$

C).  $i$ . Tipo de interés efectivo

O tipo de interés mensual efectivo corresponde, conforme ao especificado nos antecedentes deste informe, co tipo de referencia EURIBOR a un ano tomado no mes de abril do ano 2013 que é no que se incorporan os novos vehículos ao servizo (0,528%), incrementado co diferencial 0,5% aceptado pola concesionaria na súa oferta, dividido entre 12 mensualidades.

$$i = (0,528 + 0,5) / 100 / 12 = 0,000857$$

D). C. Cuota constante

A cuota mensual constante que corresponde coa nova amortización máis o financiamento, resultante da aplicación da fórmula anterior é:

$$C_{\text{mes}} = 44.618,96€/mes \text{ (sen IVE)}$$

Para determinar a cuota anual débese multiplicar a cuota mensual por doce mensualidades resultando neste caso:  $C_{\text{ano}} = 535.427,53€/ano$  (sen IVE)

NOTA: Esta nova cuota de A+F supón un incremento de 4.448,12€/mes sobre a anterior cuota de 40.170,84; o que fai un total de 53.377,45€/ano.

Esta nova cuota de amortización máis financiamento que procede abonar á empresa concesionaria da reciclaxe, implica unha modificación no cánon anual, que é necesario determinar. Para elo, na factura correspondente aos traballos realizados pola empresa no mes de decembro do ano 2013, debe ser descontada a parte proporcional da anualidade financeira dos activos xa amortizados:

• Cuota A+F segundo oferta inicial:	40.170,83€/mes
• 7,5% de Gastos Xerais:	3.012,82€/mes
• 5% de Beneficio Industrial:	2.008,54€/mes
Subtotal en execución por contrata:	45.192,19€/mes
Total co imposto sobre o valor engadido 10%:	49.711,41€/mes

e polo mesmo motivo, debe incluírse a parte proporcional da nova anualidade financeira calculada anteriormente:

• Cuota A+F segundo proposta actual:	44.618,96€/mes
• 7,5% de Gastos Xerais:	3.346,42€/mes
• 5% de Beneficio Industrial:	2.230,95€/mes

Subtotal en execución por contrata: 50.196,33€/mes  
Total co Imposto sobre o valor engadido 10%: 55.215,96€/mes

Dado que a facturación mensual actual é de 183.347,15€/mes (2.200.165,80€/ano) segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de decembro do 2012, o novo importe mensual resulta:

$$183.347,15 - 49.711,41 + 55.215,96 = 188.851,70€/mes;$$

e o novo importe anual: 2.266.220,40€, o que supón un incremento de 66.054,60 euros/ano.

Polo anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno Local, previo o informe de Intervención, a adopción do seguinte ACORDO

1. Incorporar ao parque móbil municipal os vehículos referidos a continuación, valorados en conxunto nun total de 2.218 euros:

<u>Matrícula</u>	<u>Modelo</u>
a) 9733-CSD	Camión Nissan Cabstar
b) 4217-CRH	Furgón de carga Citroen Jumper 2.8 HDI
c) 9750-CSD	Furgón de carga Citroen Jumper 2.8 HDI
d) 4379-CRH	Furgón combi Citroen Berlingo HDI
e) 4411-CRH	Furgón combi Citroen Berlingo HDI
f) 5420-CVS	Furgón combi Citroen Berlingo HDI

Os gastos de xestión da transferencia dos vehículos serán por conta do Concesionario, e cos vehículos este deberá aportar o permiso de circulación, a ficha técnica, as postas en conformidade que teñan sido realizadas con referencia ao Decreto 1215/97 de 18 de xullo, o libro de instrucións dos vehículos xunto cos equipamentos que lles foran incorporados, os croquis de despiece, as listas de repostos, manuais de mantemento e en xeral todos aqueles documentos que sexan necesarios para o bo funcionamento dos vehículos

2. Descontar do valor total de enaxenación dos vehículos amortizados que resulta en 27.218€, o valor de 2.218 euros dos vehículos incorporados ao Parque Móbil municipal, resultando polo tanto un importe de 25.000 euros a descontar do capital a recuperar pola concesionaria.
3. Aprobar a nova cuota de amortización máis financiamento para recuperar a inversión realizada pola empresa concesionaria do servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclables da cidade de Vigo, na renovación dos medios materiais e maquinaria aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 27 de abril do 2012, con efectos dende o 1 de decembro do 2013 e ata o final do contrato 31 de marzo do 2017, por un importe de 44.618,96€/mes, 535.427,53€/ano (sen IVE).
4. Aprobar o novo custe do contrato do servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclables da cidade de Vigo adjudicado á empresa Vigo-Recicla U.T.E., debido á nova cuota de amortización máis financiamento referido no punto 3 deste acordo, o que supón un novo importe anual de 2.266.220,40€/ano, cunha diferenza de +66.054,60€/ano respecto do prezo anterior.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**11(1109).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E UXT DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DAS ACTIVIDADES E MANTEMENTO DA ENTIDADE DURANTE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO DE 2014. EXPTE. 6712/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 17.09.14, o informe de fiscalización do 30.09.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo e Participación e Atención Cidadá, do 15.09.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890003, denominada “*Convenios CC. Sindicais*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2014, a favor do sindicato *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* (CIF.- G-15383011), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2014, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2014, ASÍ COMO, DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, REALIZADOS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil catorce*

*REUNIDOS*

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D<sup>a</sup> Rosa Arcos Caamaño, con DNI 33291048-C, en calidade de Secretaria de Administración y Finanzas de UXT-Galicia, en nome e representación da Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo, con CIF: G-15383011 e domicilio social na Rúa E. Heraclío Botana, 2 / Avda. García Barbón, 67, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 6712/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

#### MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

IV.- Que a entidade Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo, de conformidade co art. 8 dos Estatutos de UXT Galicia, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Desenvolvemento e aseguramento do Estado social e democrático de Dereito
- ✓ Impulsar políticas xerais que afecten ao conxunto da clase traballadora e persigan a mellora e transformación da sociedade
- ✓ Representar os intereses da clase traballadora na política social, sanitaria e educativa, en materia de emprego, seguridade social, políticas de mercado de traballo e saúde laboral
- ✓ Especial defensa das reivindicacións das mulleres e da mocidade, evitando a discriminación por razón de sexo ou idade
- ✓ Defender os dereitos das persoas maiores, traballando para garantir a súa suficiencia económica e benestar
- ✓ Promover a integración laboral e social das persoas con minusvalía e das minorías e colectivos marxidados
- ✓ Promover a integración social das persoas traballadoras e estranxeiras en igualdade de condicións que as galegas
- ✓ Esixir dos poderes públicos condicións para facer realidade o dereito das persoas traballadoras a gozar dunha vivenda digna e axeitada
- ✓ Demandar dos poderes públicos políticas orientadas ao pleno emprego, defender o dereito ao traballo e promover a defensa dos consumidores e usuarios (...)

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96, a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 488/06.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo leve a cabo os seus proxectos planificados para o ano 2014, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas súas actividades, así como, de mantemento, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- o IRPF ou o IS será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado*

*e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non*

*percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.*

*f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.*

*g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:*

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

*h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa. Así mesmo, no taboleiro de anuncios da entidade, estará visible, durante a vixencia do convenio, cartel indicativo de que o Concello de Vigo colaborou no fomento das actividades da entidade levadas a cabo no 2014 entre xaneiro e outubro.*

*Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5127 61 3040000192 (Novagalicia Banco)*

*Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2014, no período comprendido entre o 01/01/14 e o 31/10/14.*

*Xustificarase o gasto polo concepto e importe solicitado: o gasto subvencionado ten carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención. Como excepción, respecto ao gasto de teléfono estimados, por tratarse dun gasto estimado, difícil de concretar no momento da solicitude, admítese unha variación de ata un máximo do 10% sobre o importe proxectado.*

*Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de*

*Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2014.*

**13(1111).- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA “CASA DO PATÍN” COMO EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL. EXPTE. 7415/307.**

Visto o informe de fiscalización de data 30.09.14, dáse conta do informe-proosta da xefa de Patrimonio Histórico, do 6.10.14, conformado pola xefa de Área de 1ª Tenencia de Alcaldía e pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda, que di o seguinte:

*No orzamento municipal vixente para o servizo de Patrimonio Histórico atópase a partida 3360.6220002-REHABILITACIÓN CASA PATÍN, dotada con 500.000 euros e destinada a rehabilitar este inmovible situado no barrio de Bouzas. O conxunto de edificacións que se pretenden rehabilitar atópanse clasificadas coma solo urbano e inclúense na actuación illada 2 (AI2) do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) de Bouzas.*

*Así, con data 26 de setembro de 2014, a Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda resolve iniciar o expediente administrativo para a aprobación do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA “CASA DO PATÍN” COMO EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL, redactado polos técnicos municipais Juan Luis Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso, José Luis Gallego Páramos e Alfonso Rodríguez González.*

*Dito proxecto “contempla a completa recuperación da volumetría orixinal do conxunto de edificacións así coma das estruturas principais de muros existentes, tanto nas fachadas coma na súa configuración interior, para albergar un novo uso de carácter sociocultural concebido coma unha única dotación”.*

*Con data 8 de setembro de 2014, a Comisión de seguemento do PEEC-PEPRI de Bouzas da Xerencia municipal de urbanismo informa favorablemente dito proxecto.*

*Igualmente, a Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras emite informe favorable con data 25 de setembro de 2014.*

*Deste xeito, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

– *Aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA “CASA DO PATÍN” COMO EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL, redactado polos técnicos municipais Juan Luis Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso, José Luis Gallego Páramos e Alfonso Rodríguez González.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(1112).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE DILIXENCIAS INFORMATIVAS DE CARÁCTER RESERVADO AO FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL 294463. EXPTE. 41967/212.**

Visto o informe-proposta do intendente xefe da Policía Local, do 6.10.14, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Incoar dilixencias informativas de carácter reservado en relación cos feitos denunciados por D. Antonio Verísimo Pereira, con DNI nº 35991906, o 10/04/2014, ante a Garda Civil do posto de Mos e dos que intruiron atestado nº 2014-004622-00000158, ao obxecto de esclarecer se existen motivos bastantes para incoar expediente disciplinario contra o funcionario de carreira con posto de traballo de Policía Local, con rexistro profesional 294463.

2º.- Nomear Instrutor das citadas dilixencias ao funcionario de carreira da Policía Local con posto de traballo de Inspector Principal, D. Alberto Freire Estévez, e Secretario ao tamén funcionario de carreira da Policía Local con posto de traballo de Inspector, D. Enrique García Silva.

**15(1113).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE DILIXENCIAS INFORMATIVAS DE CARÁCTER RESERVADO AO FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL 294430. EXPTE. 41968/212.**

Visto o informe-proposta do intendente xefe da Policía Local, do 6.10.14, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Incoar dilixencias informativas de carácter reservado en relación á incorrecta identificación do vehículo por sobreescritura dos caracteres da matrícula no boletín de denuncia con referencia 1613082 1, formulada polo funcionario de policía con nip nº 294430 ao obxecto de esclarecer se existen motivos bastantes para incoar expediente disciplinario contra o funcionario denunciante.

2º.- Nomear Instrutor das citadas dilixencias ao funcionario de carreira da Policía Local con posto de traballo de Intendente D. Alberto Carballo Acuña, e Secretario ao tamén funcionario de carreira da Policía Local con posto de traballo de Inspector, D. Francisco A. Gil Domínguez.

**16(1114).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL POR UN PERÍODO DE DOUS MESES, DUNHA TÉCNICA SUPERIOR DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, CON MOTIVO DA SUBVENCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA. EXPTE. 25661/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.09.14, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.09.14, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

*En data 25 de abril de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou expte 1799-334 "Solicitud de subvención a Secretaría Xeral de Política Lingüística para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística", sendo concedida subvención a este Concello, comunicado en data 8/7/2014 (Doc. 140090584), por importe total de 4.804.00€ e realizada a correspondente xeración de crédito por subvención doutra administración, na partida 16921310000 (expte. 1836-334).*

*Con data 29 de xullo pasado, a Técnica de Normalización Lingüística, coa conformidade da Concelleira da Area, solicitou a contratación laboral dun/dunha técnico/a de normalización lingüística con cargo a subvención concedida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para a contratación de persoal para o SNL, en virtude da convocatoria realizada ao abeiro da Orde de 4 de abril de 2014 (DOG nº de 14 de abril), pola que se regula a concesión de subvencións as Entidades Locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.*

*O Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 18 de setembro de 2014, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o inicio do expediente administrativo para a contratación laboral temporal prevista nos artigos 8.2 e 15.1 do Estatuto dos Traballadores e artº 3 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro e, a súa posterior adscrición ao Servizo de Normalización Lingüística.*

*Na derradeira Oferta de Emprego Público convocada por este concello, non se incluiu ningunha praza de Técnico de Normalización Lingüística, que permitise o nomeamento interino dalgun/ha aspirante que tendo aprobados tódolos exercicios da oposición non obtivese praza, segundo previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, polo que, con motivo dunha anterior subvención, resultou preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permitise proceder a contratación laboral-temporal solicitada, que en todo caso deberá ser respetuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2, da Lei 7/2007, do 12 de abril, propoñéndose a selección entre os presentados a través de anuncio publicado nun dos periódicos de maior difusión da localidade, por motivos de axilidade e urxencia.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 27 de setembro de 2013 aprobou as correspondentes bases de selección (expte. 24444/220), que foron publicadas por razóns de urxencia do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, na pax. web municipal e extracto das mesmas na prensa local de data 02/10/2013.*

*Rematado o proceso selectivo, o Órgano de Selección na súa reunión de data 28 de novembro de 2013, acordou propoñer a D<sup>a</sup>. Laura Iglesias Rodríguez, única aspirante que superou as probas selectivas da oposición para a formalización do contrato laboral-temporal de duración determinada por acumulación de tarefas, regulado no art. 15.1.b) do Estatuto dos Traballadores e RD. 2720/1998, de 18 de decembro, artículo 2, sendo este contrato o que se concerta para atender esixencias circunstanciais da produción por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal da empresa (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e a súa duración se establece como máximo en seis meses no período de un ano.*

*O referido artigo 15.1.b) establece que "Cuando las circunstancias del mercado, acumulación de tareas o exceso de pedidos así lo exigieran, aun tratándose de la actividad normal de la empresa. En tales casos, los contratos podrán tener una duración máxima de seis meses, dentro de un período de doce meses, contados a partir del momento en que se produzcan dichas causas. Por convenio colectivo de ámbito sectorial estatal o, en su defecto, por convenio colectivo sectorial de ámbito inferior, podrá modificarse la duración máxima de estos contratos y el período dentro del cual se puedan realizar en atención al carácter estacional de la actividad en que dichas cir-*

*cunstancias se puedan producir. En tal supuesto, el período máximo dentro del cual se podrán realizar será de dieciocho meses, no pudiendo superar la duración del contrato las tres cuartas partes del período de referencia establecido ni, como máximo, doce meses.*

*En caso de que el contrato se hubiera concertado por una duración inferior a la máxima legal o convencionalmente establecida, podrá prorrogarse mediante acuerdo de las partes, por una única vez, sin que la duración total del contrato pueda exceder de dicha duración máxima.*

*Por convenio colectivo se podrán determinar las actividades en las que puedan contratarse trabajadores eventuales, así como fijar criterios generales relativos a la adecuada relación entre el volumen de esta modalidad contractual y la plantilla total de la empresa”.*

*Así mismo, o artículo 3 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, por el que se desarrolla el artículo 15 del Estatuto de los Trabajadores en materia de contratos de duración determinada.- Contrato eventual por circunstancias de la producción, establece que “o contrato eventual es el que se concierta para atender exigencias circunstanciales del mercado, acumulación de tareas o exceso de pedidos, aun tratándose de la actividad normal de la empresa.*

*Cuando el convenio colectivo que resulte de aplicación haya determinado las actividades en las que pueden contratarse trabajadores eventuales o haya fijado criterios generales relativos a la adecuada relación entre el número de contratos a realizar y la plantilla total de la empresa, se estará a lo establecido en el mismo para la utilización de esta modalidad contractual”.*

*Requerida a referida aspirante D<sup>a</sup>.Laura Iglesias Rodríguez, DNI 36.157.519-R, acreditou, en data 18 de setembro actual, neste Servizo de Recursos Humanos o requisito de titulación e demais condicións para o desempeño do posto.*

*A urxencia do mesmo queda acreditada polos prazos na presentación dos correspondentes xustificantes da aplicación da subvención concedida.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das “Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguemento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:*

*“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:*

*“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificados polo Servizo correspondente, resulte necesario recurrir a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recurrir as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.*



*Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder á contratación proposta, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente oposición na derradeira convocatoria pública.*

*Asemade, e segundo o disposto na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, dispón no seu artigo 23.2, que durante o ano 2014 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.*

*A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:*

*En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:*

*1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

*a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

*b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

*c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

*d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

*e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

*f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

*g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*

*h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*

*i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*

*j) Protección da salubridade pública.*

*k) Cemiterios e actividades funerarias.*

*l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

*m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

*n) Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

*ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

*2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

- En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*
- Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*
- Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*
- Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos*

*internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

- *Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- *Intervención Xeral Municipal.*
- *Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- *Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- *Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- *Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- *Recursos Humanos.*
- *Administración Electrónica.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.*

*En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) *A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) *A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*
  - 1. *A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.*

*Trátase polo tanto dunha competencia distinta das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras,*

- a) *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*

*A este respecto manifestar que a prestación deste Servizo ven levándose a cabo dende o ano 2009, materializándose coa tramitación, entre outros, dos expedientes núms. 19457/220, 21973/220, 23132/220 e 24444/220.*

A modalidade de contratación que se considera oportuno utilizar é a de “contrato laboral de duración determinada por acumulación de tarefas”, regulada no art. 15.1.b) do Estatuto dos Traballadores e RD 2720/1998, de 18 de decembro, artículo 2, sendo este contrato ó que se concerta para atender esixencias circunstanciais da produción por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal da empresa (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e a súa duración se establece como máximo en seis meses no período de un ano.

Debe terse en conta o disposto no Real Decreto –Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006), vixente a tales efectos dende o 1 de xullo de 2006, que modifica a lexislación laboral, o cal pretende evitar e prevenir a utilización abusiva de contratos de duración determinada e en concreto ó disposto no capítulo II -que modifica o apartado 5 do artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo- no relativo á duración máxima dos períodos de vixencia das distintas modalidades contractuais de duración determinada.

O importe do custe de dita contratación, para acomete-lo gasto proposto durante o período mencionado, ascende a un total de 4.690.64€ e imputaríase con cargo a partida 16921310000 “PERSOAL LABORAL TEMPORAL NORMALIZACION LINGUISTICA”, dentro do Capítulo I de gastos, nos termos do previo e preceptivo informe de fiscalización e xestión económica que se emita, toda vez que por Resolución de data 18/07/2014 aprobouse o expediente de modificación de crédito por xeneración 52/14.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO :

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas, derivada da subvención concedida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, dun/ha Técnico/a Superior de Normalización Lingüística por un período máximo de dous meses, ao abeiro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e, en consecuencia autoriza-lo gasto por importe de 5.726.00€ € con cargo a partida orzamentaria partida 16921310000 “PERSOAL LABORAL TEMPORAL NORMALIZACION LINGUISTICA”, para facer fronte a referida contratación.

Segundo.- Contratar como Técnica Superior de Normalización Lingüística, a D<sup>a</sup>: LAURA IGLESIAS RODRÍGUEZ, DNI 36.157.519-R, aspirante proposta polo Órgano de Selección cunha puntuación de 10,16 puntos, á cal acreditou neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos esixidos nas Bases de convocatoria, para a realización das tarefas propias do posto de traballo, por un período de dous meses, baixo a modalidade contractual –contrato por acumulación de tarefas- ó abeiro do disposto no art. 15.1.b) do Estatuto dos Traballadores e o artigo 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro.

Terceiro.- O custo da presente contratación, imputarase á partida presupostaria 16921310000 “PERSOAL LABORAL TEMPORAL NORMALIZACION LINGUISTICA”, segundo consta no Infor-

me da Intervención Xeral de 18 de xullo de 2014 e Decreto de Modificación de Crédito por xeneración, núm. 52/14 da mesma data, que obra no expediente.

Cuarto.- Será de aplicación ó disposto no artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores/as, no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuales de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados dende o 1 de xullo do 2006), segundo redacción dada polo art.1, apartado 2 da Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Quinto.- Percibirá como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria en relación a súa xornada de traballo de cinco horas diarias, do posto de Técnico/a Superior de Normalización Lingüística, cód. 178, da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade. Neste caso, a cantidade bruta mensual de 2.345,32€ mensuais por todos os conceptos, correspondentes a xornada diaria de cinco horas (2345,32€:30 x 2 meses, ata un total de 4.690,64€, importe total da subvención concedida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para a contratación de persoal para o SNL, en virtude da convocatoria realizada ao abeiro da Orde de 4 de abril de 2014 (DOG nº 72 de 14 de abril) pola que se regula a concesión de subvencións as Entidades Locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega).

Sexto.- A traballadora contratada D<sup>a</sup>. Laura Iglesias Rodríguez, núm. persoal 80277, deberá ser adscrita ao Servizo de Normalización Lingüística, cód. 225 e, a súa xonada laboral desenvólvese preferentemente en xornada continuada de mañá de 09,00 a 14,00 horas. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario. Figurará na Empresa Cód. cotización: 07, código de contrato 508, cód. ocupacional: a, Subgrupo A1 de titulación, Grupo Tarifa: 01, sendo formalizado o contrato con efectos de 01/10/2014 e rematando o 30/11/2014.

Sétimo.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(1115).- LIQUIDACIÓN DE INTERESES NA EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 34/2014, DO XULGADO DO SOCIAL Nº 1 NOS AUTOS 1234/2012, SEGUIDOS A INSTANCIA DE DNA. M<sup>a</sup> JOSÉ GARCÍA OLIVEIRA. EXPTE. 25291/220**

Visto o informe de fiscalización do 7.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado e Persoal-Seg. Social, do 2.10.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Con data 28 de abril 2014 dictase resolución polo Xulgado do Social Nº 1 de Vigo, polo que se comunica a liquidación de intereses practicada na execución 34/2014, sendo demandante D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José García Oliveira en relación co procedemento 1234/2012 en materia de recoñecemento de dereito e cantidades.

En dita resolución cuantifícanse os intereses que ascenden a 298,30 €.

Dita execución 34/2014 correspondense ao procedemento 1234/2012 relativo a demanda de recoñecemento de dereito e cantidades presentada por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José García Oliveira contra o Concello de Vigo, a cal foi executada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de setembro de 2013.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 29/07/2014, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei , modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, racionalización e sostibilidade da Administración Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora

das Facendas Locais por importe de 298,30 € con cargo a partida 92201410000 "indemnizacións por sentenzas xudiais".

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"Unico.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, na execución 34/2014, procedéndose ao abono da cantidade de 298,30 € en concepto de o de intereses non aboados unha vez efectuada a oportuna liquidación, na conta do Xulgado do Social Nº 1 mediante transferencia na conta nº ES55 0049 3569 9200 0500 1274 co concepto 3626 0000 64 003414."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(1116).- DAR CONTA DAS SEGUINTE RESOLUCIÓNS:**

#### **A) RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN ANTICIPADA DO EMPREGADO MUNICIPAL D. ENRIQUE ANTONIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, CON EFECTOS DE 08.10.2014. EXPTE. NÚM. 25484/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos do 23.09.14, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a D. ENRIQUE ANTONIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, con DNI: 36.003.976-Y, resultan os datos seguintes:

- Vínculo xurídico: funcionario de carreira, Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.
- Nº de persoal: 20787.
- Data de nacemento: 08/10/1954.
- Praza: Conductor-bombeiro do SEI, subgrupo C2 de titulación.
- Posto de traballo: Conductor-bombeiro, código 133, adscrito ao SEIS.
- Incidencias relativas a cotización: grupo de tarifa 07, con 38 anos e 3 meses de cotización.

2.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, segundo informativo de xubilación expedido pola Dirección Provincial de Pontevedra do INSS, de data 29/05/2014, procede propoñer a declaración da xubilación anticipada do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 08/10/2014.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser “Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida”, en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.

II.- O Real Decreto Lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social; non obstante o artigo 67.3 da norma establece que “a xubilación forzosa declarárase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. ”

